

MEMORIA ANUAL ANO 2024

Creecemos en comunidade

El cuidado pertenece a la comunidad

Creecemos en comunidade



1. DATOS IDENTIFICATIVOS

- Denominación: **AMIPA. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR**
- Identificación fiscal: G-15611536
- Sede social: CENTRO SOCIAL – CAMPO DO SOUTO, s/n. 15900 – PADRÓN (A CORUÑA)
- Enderezo: REITORAL DE SAN TOMÉ DE SORRIBAS, nº2. 15980 ROIS (A CORUÑA)
- Teléfono: 981 817 202
- Inscrita co Nº E-1031 no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia desde o día 28 de novembro de 1997.
- AMIPA foi Declarada Entidade de Utilidade Pública (Orde do 30 de Setembro de 2009. DOG nº 203).
- Enderezo electrónico: amipa@asociacionamipa.gal
- Páxina web: www.asociacionamipa.gal



2. CONTEXTUALIZACIÓN

AMIPA-Asociación de nais e pais de persoas con discapacidade intelectual da comarca do Sar, nace no ano 1997, froito da necesidade de cinco nais e un pai de crear oportunidades de futuro para os seus fillos e fillas ó remate da etapa escolar.

No ano 2010, prodúcese a apertura do centro de atención diúrna ocupacional en Sorribas, no concello de Rois, recurso co que conta a día de hoxe. Está ubicado na Reitoral de San Tomé de Sorribas, cedida a AMIPA polo Arzobispado de Santiago de Compostela por un período de 30 anos.

En 2022 a Xunta de Galicia financiou catro novas prazas públicas, dando carácter público e autorizado á totalidade de prazas do centro ocupacional, un total de 24.

O ámbito territorial de actuación prioritaria é a comarca do Sar, formada polos municipios de Padrón, Rois e Dodro, da cal proceden a meirande parte das persoas usuarias, prestando tamén servizos a persoas dos concellos limítrofes de Teo e Brión.

O centro de atención diúrna ocupacional é un recurso para a atención das persoas con discapacidade intelectual e a promoción do seu desenvolvemento persoal e autonomía funcional, a través de procesos de formación individualizados, da práctica ocupacional, da participación na vida da comunidade e da creación de redes naturais de apoio para a súa inclusión social e laboral.

No ano 2024, AMIPA prestou servizos a un total de 24 persoas con discapacidade intelectual, 14 mulleres e 10 homes, de idades comprendidas entre os 22 e os 70 anos, e aos membros das súas unidades de convivencia.

Asina este mesmo ano, coa Consellería de Política Social e Igualdade, o concerto social, instrumento por medio do cal se produce a prestación de servizos sociais de responsabilidade pública a través de entidades, cuxa financiación, acceso e control sexan públicos. Amipa pasa a ter condición de entidade concertada pola Xunta de Galicia.

3. PROGRAMAS E SERVIZOS PRESTADOS AO LONGO DO ANO 2024

Ao longo do ano 2024 AMIPA desenvolveu un conxunto de actuacións adaptadas ás necesidades das persoas usuarias con discapacidade intelectual que precisan unha serie de coidados e atencións de carácter persoal, social e ocupacional, orientadas de maneira principal á promoción da autonomía persoal e á preparación e integración laboral.

En canto a prestacións básicas, dende o servizo de atención diúrna ocupacional prestáronse as seguintes:

3.1. Área de información, valoración, seguimento e orientación

Todas as persoas teñen un **Plan de Atención Individualizado (PAI)** no cal se recollen unha serie de obxectivos a traballar, sempre consensuados coa persoa. Para a elaboración de dito PAI, realízase previamente unha avaliación das necesidades e intensidade de apoios que a persoa precisa, mediante unha valoración integral das áreas social, funcional, cognitiva e sanitaria.

Igualmente, atendemos as necesidades e intensidade de apoios que precisan as **familias** mediante a acollida e valoración das necesidades que poida ter a mesma. Cada persoa conta cun/ha profesional de referencia que mantén contacto diario coas familias para trasladar recados, información relevante relacionada coa persoa ou solicitudes de información que o equipo traslada de xeito inmediato á traballadora social para dar resposta ás mesmas no menor tempo posible.

3.2. Área de formación básica e instrumental

En relación á asistencia en actividades básicas e instrumentais da vida diaria, nas instalacións do centro desenvolvéronse os seguintes servizos de terapia ocupacional:

- Taller de cociña.
- Taller de relaxación.
- Taller de estimulación cognitiva.
- Taller de novas tecnoloxías.
- Taller de memoria.
- Taller de calceta e costura.

- Taller de psicomotricidade.
- Taller de pintura.
- Taller de horta ecolóxica.

As persoas asumen **responsabilidades e tarefas na vida do centro** ocupacional segundo os seus intereses (por exemplo: posta e recollida do comedor, exposición de menús adaptados cognitivamente, recollida do pan, rega de plantas, tarefas sinxelas de mantemento das instalacións, colocación do panel de quendas nas distintas actividades, recollida de cartas no buzón, rexistro de temperaturas de neveiras, entrega de cartas, recollida de papeleiras, clasificación e destrución de documentación...).

3.3. Área de actividades e programas de ocio e tempo libre

Nas instalacións do centro, realizáronse actividades de **ocio grupal** semanalmente en horario de tarde e celebráronse ao longo de todo o ano festividades destacables (entroido, samaín, magosto, nadal, ...). Tamén se realizaron **saídas** grupais significativas na contorna próxima todos os venres en grupos por afinidades persoais, de máximo 6 persoas.

O **ocio na comunidade** cobrou gran importancia este ano 2024 co desenvolvemento de plans persoais. As persoas con discapacidade con apoio dunha profesional, organizaron un plan persoal que lles gustaría levar a cabo na comunidade e o cal non terían oportunidade de realizar sen dito apoio.

Desenvolvéronse un total de 7 plans persoais atendendo ás preferencias e gustos comúns das 24 persoas con discapacidade intelectual.

Semanalmente, un grupo de 5 persoas, asistiron a clases de **natación adaptada** na Piscina Municipal do concello de Padrón, durante o curso que abarca dende outubro ata xuño de 2025.

Tamén se ofreceron actividades de ocio na comunidade a través de empresas privadas da contorna (Arenaria e Tempus).

Semanalmente, **actividade de deporte e saúde**, dinamizada por 2 monitores deportivos dos concellos de Rois e Padrón, para desenvolver camiñatas, campionato do xogo de chave e ximnasia de mantemento.

3.4. Área de formación profesional

Fai referencia aos servizos de formación para o emprego e ó desenvolvemento e mellora das habilidades adaptativas (de axuste persoal e social). No centro desenvólvense durante todo o ano os seguintes talleres ocupacionais:

- **Taller ocupacional de Artesanía**, inspirada no rural e na natureza, con dous postos de venta: na Casa Museo Rosalía de Padrón e na Panificadora San José, de Padrón e Rois. A venta, a través de pedidos a particulares e/ou empresas, concellos, etc., tamén se realiza nas propias instalacións do centro.
Entregáronse un total de 26 pedidos para eventos dos concellos da contorna, institucións varias e empresas. Asemade, tamén se prepararon un elevado número de pedidos personalizados para particulares.
- **Taller ocupacional de manipulado de aluminio** para a empresa **STAC SL**.
Realizáronse un total de 40 entregas na empresa de traballo manipulativo.
- **Taller ocupacional de manipulado** para a empresa **Nestlé España S.A.**, fábrica de Pontecesures (Pontevedra). Elaboración de patróns de fundas para máquinas de produción. Realizáronse 3 entregas (periodicidade trimestral) ao longo do ano, segundo demanda de dita empresa.
- **Taller ocupacional de Agricultura Ecolóxica**, no invernadoiro das instalacións do centro para consumo propio.
- **Taller ocupacional de embolsado**, para unha empresa de venda de gominolas da contorna. Realizáronse 3 entregas (periodicidade trimestral) ao longo do ano, segundo demanda de dita empresa.

3.5. Área de servizos xerais

En canto a manutención, existe unha dieta xeral e dietas especiais elaboradas por unha especialista en nutrición e dietética, adaptadas a cada comensal segundo a dieta pautada polo facultativo de referencia no certificado médico de cada persoa con discapacidade intelectual.

Cóntase co persoal necesario (tal como se recolle no apartado “5.Recursos persoais”) para manter cubertas as áreas de limpeza e mantemento así como de xestión e administración.

3.6. Servizo de transporte adaptado e asistido

Dito servizo é prestado mediante 3 rutas de transporte diarias, 2 delas realízanse mediante transporte propio e 1 mediante un servizo de transporte externo. As rutas transcorren polos concellos de Rois, Padrón, Dodro, Brión e Teo, prestando servizo diario ás 24 persoas con discapacidade intelectual que acoden ao centro ocupacional.

3.7. Servizos Externos

- **Servizo psicolóxico.** 6 persoas do centro, 4 mulleres e 2 homes, fan uso deste servizo. A periodicidade das sesións é semanal, quincenal ou mensual segundo a valoración da psicóloga. Dende o centro ofrécese un espazo privado para desenvolver as sesións e lévase a cabo a coordinación coa psicóloga para programar ditas sesións.

O número total de sesións levadas a cabo foi de 77.

- **Música á carta.** Dinamizado por 2 monitores, participan no mesmo 5 persoas do centro, 4 mulleres e 1 home. Este taller desenvólvese todos os martes do ano.

3.8. Actividades de apertura do centro ocupacional e participación comunitaria

- **Airea Local en Sorribas.** Acompañadas por Esther Ortega da Fundación Inclusión y Apoyo Aprocor e promotora dos encontros nacionais e internacionais Airea e Erwin Wieringa, especialista en comunidades inclusivas de boa vida para todas as persoas. Desenvólvese o 12 de xuño a través proceso veloz de 8 horas da metodoloxía de innovación social, Teoría U.

Participamos 19 persoas con discapacidade, 8 familiares, 10 profesionais de apoio e 50 axentes comunitarios.

<https://sites.google.com/fundacionaprocor.com/aireagalicia/area-local>

<https://lindeiros.net/rois-proxecto-eirea-local/>

- **Libros Viaxeiros en lectura fácil.** Proxecto desenvolvido conxuntamente coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón, realizando un encontro mensual en distintos establecementos hostaleiros do concello adheridos ao proxecto, coa colaboración da coordinadora de voluntariado de Concello de Padrón. Esta dinamiza no centro unha sesión semanal de lectura con persoas con discapacidade intelectual das obras escollidas polas mesmas para o encontro na comunidade. Participan 7 persoas con discapacidade intelectual con e sen lectoescritura.
O número total de encontros foi de 30, 5 deles na comunidade en servizos hostaleiros adheridos a dito proxecto e os restantes 25 foron nas instalacións do centro ocupacional, para a lectura da obra e preparación do posterior coloquio.
- **Taller de calceta e bordado.** Semanalmente nas instalacións do centro ocupacional, dinamizado por mulleres da Asociación de Mulleres Rurais de Urdilde, levan a cabo clases de bordado, nas cales participan 5 persoas con discapacidade, e de calceta, nas cales participan 6 persoas. Mensualmente, unha destas clases ten lugar no local de dita asociación.
Desenvolvéronse un total de 43 sesións, 8 delas no Local da Asociación das Mulleres Rurais de Urdilde.
- **Voluntariado Sénior.** Trátase de encontros mensuais nas instalacións do centro, con persoas do devandito programa do Concello de Padrón, no que participan 7 persoas voluntarias e 9 persoas con discapacidade intelectual. Dinamizan xogos populares e unha posterior convivencia que posibilita a creación de lazos persoais interxeracionais.
Desenvolvéronse un total de 11 encontros mensuais, con periodicidade quincenal nos meses de verán.

3.9. Proxectos con centros educativos

- **IES Félix Muriel de Rianxo.** Participamos na “Semana da diversidade” que organizan no mes de marzo mediante a impartición por parte de dúas persoas con discapacidade intelectual, con apoio de dúas monitoras-educadoras, dun obradoiro de elaboración de xabóns con glicerina, co alumnado de 1º e 2º da ESO. Ademáis, montamos un posto de venda de produtos varios de AMIPA no seu mercado solidario. Con este centro educativo mantemos diversas colaboracións ao longo de todo o ano, consistentes a maioría delas en elaboración de lotes de pedidos de artesanía personalizada para proxectos europeos ou propios de dito centro. Ademáis, antes do remate do curso 2023-2024, mantivemos un café-conversa co alumnado deste IES do FP Atención sociosanitaria para falar sobre o significado da palabra “respecto” en todos os ámbitos.
- **Galiña Azul de Rois,** en colaboración co concello de Rois. Este proxecto de animación á lectura, xorde do interese de persoas de AMIPA pola animación á lectura coa infancia. O mesmo desenvólvese mediante sesións co alumnado de 2-3 anos da Galiña Azul na biblioteca municipal do concello de Rois, nos cales, tres persoas de AMIPA, dinamizan lecturas para a rapazada.

3.10. Outras actividades desenvoltas no centro ocupacional

- **Canvivencias.** Dinamizado por unha educadora social experta en Intervención Asistida con Animais. Participan 18 persoas do centro con discapacidade intelectual, unha vez ao mes nas instalacións do centro ocupacional. Realizan diferentes dinámicas e interaccións con Wailo, un can de raza labrador negro. Durante este ano leváronse a cabo 11 sesións, dende o mes de febreiro.
- **Aireando en AMIPA.** Este proxecto, dinamizado por Ana Prema, educadora social con ampla experiencia en coordinación de proxectos comunitarios, consiste en sesións quincenais de actividades de espertar da conciencia persoal, a nivel corporal, mental, emocional, espiritual e tamén grupal, que buscan a cohesión grupal e o respecto ao colectivo e a cada persoa como



ser único e especial. En dito proxecto participan un total de 16 persoas con discapacidade intelectual e 3 profesionais de atención directa.

3.11. Outras actividades comunitarias organizadas por concellos e/ou outras entidades da contorna

Durante o ano 2024 participouse nas seguintes:

- Desfile de Entroido organizado polo concello de Rois.
- Charla informativa sobre os Trámites da Administración organizada polo concello de Rois.
- Curso de "Autodefensa para mulleres ante situacións violentas" organizado polo concello de Rois.
- Obradoiro de Arte Floral no Local Social de Sorribas (total de 5 sesións).
- Audicións da Escola Superior de Música de Galicia no Auditorio de Valga.
- Xantar Popular da Festa de San Isidro Labrador organizado polo concello de Rois.
- Noite Efervescente en Sobrado de Monxes, organizada por Asociación Astronómica Coruñesa Ío en colaboración coa USC.
- XXX Aniversario da Asociación Fonte da Virxe.
- III Xornada de Labores Artesanais organizada pola Asociación de Mulleres Rurais de Urdilde en colaboración co concello de Rois.
- Encontro no Parque da Natureza do Río Barosa organizado pola empresa Alma Peregrina.
- Camiño da Pedronía organizado por Arenaria Coordinación S.L.
- VII Festival Brión Incluíe.
- Evento de Zumba Solidaria organizado por Fitness Academy Graciela Viturro de Pontecesures.
- Xantar Popular en San Martiño de Francos en Teo.
- Acto 25N organizado polo Concello de Padrón

4. COORDINACIÓN CON OTRAS ENTIDADES

- Coa **Administración Autonómica** (Xunta de Galicia) na asignación de prazas públicas ocupacionais e na prestación do servizo do centro ocupacional.
- Co **SERGAS**, a través dos Centros de Saúde de Atención Primaria dos domicilios das persoas que reciben o servizo.
- Co **centro educativo da Consellería de Educación**, IES Félix Muriel (Rianxo), e coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón para a realización de proxectos en comunidade compartidos.
- Coa **Deputación da Coruña**, coa área de Servizos Sociais fundamentalmente.
- Comunicación e coordinación coas e cos profesionais dos **Servizos Sociais de Atención Primaria dos Concellos** de Dodro, Padrón, Rois, Brión e Teo e con outros departamentos cos que desenvolvemos distintos programas e actividades, a través de comunicacións telefónicas e escritas.
- **Co CIM Terras de Iria**, axente dinamizador da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional de Prevención da Violencia de Xénero de Padrón. Tamén nos sumamos á Mesa Local de Rois, constituída en decembro de 2022 e á Mesa Local de Dodro, constituída en 2024. Participamos nestes grupos interdisciplinar de traballo no que están presentes representantes políticos, técnicas/os de concellos, membros e forzas de seguridade estado, empresas, centros educativos, asociacións...
- Colaboramos con **outras organizacións que traballan para as persoas con discapacidade intelectual dende diferentes estruturas**: Plena Inclusión España, Fademga Plena Inclusión Galicia, Special Olympics Galicia, a Rede de Ocio Inclusivo de Galicia (ROIG), asociacións de Galicia e outras comunidades autónomas.
- **IN-RED**: Asociación Patronal Galega de Entidades da Discapacidade, á que pertence AMIPA.



- Participación en proxectos para persoas con discapacidade intelectual e cidadanía en xeral **da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT)**.
- Con **entidades de iniciativa social da Comarca do Sar**: Fundación Rosalía de Castro, Fundación Paideia Galiza, Asociación Andaina Pro-Saúde Mental, asociacións de veciñas e veciños de Rois...
- Coa **Comunidade de Montes "Balouta e Fontecova"** do Concello de Dodro.

5. RECURSOS PERSOAIS

As persoas que participan no desenvolvemento do Proxecto da AMIPA na Comarca do Sar, son:

- Xunta Directiva da Asociación AMIPA, formada por 6 familiares: 4 mulleres e 2 homes.
- 24 persoas con discapacidade intelectual, participantes diarias no Programa desenvolvido por AMIPA.
- 25 socios/as de número.
- 32 socios/as colaboradores/as.
- 12 persoas voluntarias e colaboradoras.

Profesionais que teñen participado no desenvolvemento dos servizos, proxectos e actividades da AMIPA ao longo do ano 2024, son os seguintes:

- 1 Dirección-Xerencia (30 horas semanais).
- 1 Coordinadora-Traballadora Social (20 horas semanais).
- 1 Persoal Administrativo (20 horas semanais).
- 1 Psicopedagoga (10 horas semanais).
- 1 Educadora Social (20 horas semanais).
- 3 Educadoras-Monitoras (2 cunha xornada de 38,5 horas semanais, 1 cunha xornada de 28,5 horas semanais e 1 cunha xornada de 10 horas semanais).



- 1 Cociñeira, con funcións de limpeza (38,5 horas semanais).
- 1 Educadora Social (PP.CC.)
- 1 Persoal de limpeza (5 horas semanais).
- 1 Educadora Familiar, 2 días á semana (Técnica do Concello de Rois).
- 2 Monitores Deportivos dos Concellos de Padrón e Rois, 2 días á semana, en actividades de deporte e saúde.
- 1 Coordinadora de Oficina Municipal de Voluntariado (Técnica Concello de Padrón)

Participación profesional en proxectos:

En FADEMGAL Plena Inclusión Galicia, 2 traballadoras participan en 2 comisións: Comisión de transporte e Comisión de centros ocupacionais. (2022-2026).

Formación:

- **Intelixencia artificial aplicada á adaptación de textos en lectura fácil.** CEACOG (Centro Español de Accesibilidade Cognitiva). (1 hora). Participou 1 profesional.
- **Técnicas de pintura sobre vidro.** Manitas Manualidades. (12 horas). Participaron 8 persoas con discapacidade e 2 profesionais de apoio.
- **Proxecto Skills Independent Living.** In-Red, patronal galega de discapacidade (2 horas). Participou unha traballadora.
- **Programa Virada Liderado.** Algalia Sociedade Coop Galega. Participaron 2 traballadoras (78 horas)
- **Formación en Prevención de Riscos Laborais.** Ibersys. (4 horas). Participan 8 traballadoras.
- **Airea Global. Inclusión y Apoyo. Aprocór.** Madrid. 15,16 e 17 de abril. (20 horas) Participaron 1 muller con discapacidade e 2 profesionais de apoio. <https://inclusionyapoyoaprocor.org/agencia-de-transformacion-social/>



- **Aírea Local en Sorribas.** Inclusión y Apoyo. Aprocor. 12 de xuño. (8 horas). Participan 19 persoas con discapacidade, 8 familiares, 10 profesionais de apoio e 50 axentes comunitarios.
<https://lindeiros.net/rois-proxecto-eirea-local/>
- **Teoría U. "Unha paradiña para dar a luz as mellores posibilidades de futuro ao equipo de AMIPA".** Algalia Sociedade Coop Galega. Participaron 10 traballadoras (6 horas)
- **Lexislación e Negociación Laboral.** IN-RED, patronal galega de discapacidade. Participou 1 traballadora (5 horas)

6. HORARIOS

HORARIO XERAL: de 10:30 horas a 17:30 horas (transporte non incluído), de luns a venres podéndose ampliar puntualmente por motivos relacionados coas actividades dos programas. O centro ocupacional permaneceu pechado por vacacións estivais ao longo do mes de agosto e días de peche en Nadal e Semana Santa.

HORARIO OCUPACIONAL: os talleres ocupacionais funcionaron en horario de mañá, de 10:30 horas a 13:45 horas do mediodía, e na sesión de tarde de 15:00 horas a 17:30 horas.

HORARIO SERVIZOS HOSTALEIROS: o xantar abarca dende as 13:45 horas ás 14:45 horas.

HORARIO SERVIZO DE TRANSPORTE ASISTIDO: as rutas de transporte realízanse entre as 09:45 horas e as 10:30 horas en horarios de mañá, e entre as 17:30 horas e as 18:15 horas en horario de tarde.



7. SUBVENCIONES E AXUDAS RECIBIDAS

A procura de novas fontes de autofinanciamento continúa a ser un reto para AMIPA. Os ingresos propios proveñen do copago pola prestación do servizo, da venda de produtos da horta e do Taller de Artesanía, da prestación de servizos a empresas da comarca, de cotas socias/os de número e colaboradores/as... (trátase de fontes de financiamento moito menos estables, e contía inferior aos públicos que dotan de maior estabilidade, e que cómpre seguir desenvolvendo nos vindeiros anos).

Outro ano máis, parte importante das actividades e programas que AMIPA desenvolve para dinamizar os procesos de promoción integral das persoas con discapacidade dependen do **financiamento público** (Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Concellos da Comarca: Dodro, Padrón e Rois), supoñendo máis do 80% dos ingresos.

Concerto Social coa Xunta de Galicia:

- Xunta de Galicia: O contrato asinado coa **Consellería de Traballo e Benestar (actual Consellería de Política Social e Igualdade)** con referencia á xestión do servizo público para a reserva e ocupación de prazas públicas en Centro Ocupacional para Persoas con Discapacidade. Na modificación e 13ª prorroga do contrato, xaneiro e febreiro de 2024 e posterior **Concerto Social** a partir do 1 de marzo de 2024. O importe total facturado no 2024 foi de **241.528€** que corresponde, dunha banda á prestación do servizo de atención diúrna e á prestación do servizo de transporte.

Subvencións e axudas dos seguintes organismos públicos e privados:

- Xunta de Galicia, Subvencións da **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** (Programas de Cooperación 2023-2024 e 2024-2025) concesión para a contratación durante 9 meses, ao 75% da xornada, de 1 traballadora.. O importe imputado ao ano 2024 foi de **20.376€**.
- Xunta de Galicia, **Consellería de Política Social e Igualdade**, a través de FADEMGGA Plena Inclusión Galicia: **1.808,00€** Subvención para o gasto derivado



do incremento salarial pola entrada en vigor do XV Convenio colectivo de Centros de Atención a Persoas con Discapacidade dos meses de xaneiro e febreiro de 2024.

- **Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Igualdade**, a través de FADEMGAL Plena Inclusión Galicia, subvencións concedidas para destinalas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria por 0,7% do IRPF xestionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia: **9.900€ para inversións en mobiliario para o centro.**

- **Ministerio de Trabajo e Economía Social a través del PERTE de la Economía Social: 4.373€** imputados a 2024. Proxecto Tool Lab, liderado pola Asociación San Xerome Emiliani, no que AMIPA participa en agrupación con outras entidades da economía social de diversas comunidades autónomas de España.

- Administración Local: **Deputación da Coruña** para o desenvolvemento de programas de Servizos Sociais, **12.050€ e Concellos de Padrón, 12.000€, Rois, 2.050€ para mantemento de actividades.**

- **Obra Social La Caixa, a través de oficina de Padrón: 5.000€**, colaboración para adquisición de mobiliario para o centro.

- **PIR Fundación ONCE-Plena Inclusión: 3.000 €** para mantemento e conservación das instalacións do edificio.

En Rois, a 5 de marzo de 2025